



TEMA 3. As licenzas Creative Commons no ámbito educativo

O dominio público.

Neste tema coñeceremos diferentes tipos de recursos rexistrados baixo licenzas **Creative Commons** e similares que podemos atopar na rede. Non falaremos aquí de recursos especialmente vencellados a Galiza, como por exemplo a música, xa que o faremos polo miúdo no tema 6.

Textos e coñecemento en xeral

Cando falamos de buscar recursos en formato texto ou de atopar coñecementos é absolutamente fundamental que falemos da WIKIPEDIA.

A Wikipedia é un proxecto de enciclopedia de contido libre[1], multilingüe e de contido aberto operativo grazas á organización sen ánimo de lucro Fundación Wikimedia. O seu nome é unha mestura das palabras wiki (unha tecnoloxía para crear páxinas web colaborativas) e enciclopedia. Foi lanzada o 15 de xaneiro do ano 2001 por Jimmy Wales e Larry Sanger[2], e o seu obxectivo é recadar a suma de todo o coñecemento humano no maior número de linguas[3].

A Wikipedia ten como característica principal que todos os usuarios poden crear e editar os artigos existentes, iso sí, baixo unhas normas de común acordo e estilo e sendo a súa vez supervisadas por usuarios con unha maior experiencia na propia Wikipedia.

A Wikipedia en Lingua Galega creouse o 8 de marzo de 2003 e neste momento ten 110.055 artigos que se actualizan diariamente, ademáis de crearse outros novos.

Todo o contido da Wikipedia esta dispoñible para a súa difusión baixo a seguinte licenza **Creative Commons** Recoñecemento Compartir Igual 3.0.


(no vindeiro tema aprenderemos que significa esta licenza)

Fotografías

Nos nosos traballos docentes do século XXI xogan un papel fundamental as posibles **fotografías** que engadimos. Como ben sabedes é fundamental.

A ferramenta máis importante da rede para buscar imaxes é Google. Nesta formación interésanos saber como podemos configurar este buscador para que cando o empreguemos a hora de buscar unha imaxe teñamos so resultados de imaxes con licenzas que permitan o seu uso.

Ao entrar nesta ligazón <http://images.google.com> podedes premer na opción de búsqueda avanzada, onde atoparedes o seguinte cadro de opcións



Semellantes opcións tedes na rede social para fotógrafos e afeccionados da fotografía Flickr. Onde tamén podemos configurar as opcións para atopar imaxes que poidamos empregar.

Especialmente interesante para docentes é a páxina <http://www.pics4learning.com>. Unha miscelánea de imaxes categorizadas nas que todas dispoñen de licenza educativa para o seu uso docente



Debuxos ou “cliparts”

En ocasións o que necesitamos para crear un contido didáctico non son exactamente fotos, senón debuxos que nos permitan mostrar unha visión sinxela dun determinado elemento. As coleccións de cliparts proporcionadas polos paquetes ofimáticos son unha alternativa, pero non se especifica claramente se poden ser distribuídos e, ademais, contan co inconveniente de ser pouco orixinais.

Se se realiza unha busca polo termo "free clipart" poden encontrarse multitude de sitios nos que hai coleccións dispoñibles. Hai que ter en conta que o termo free significa tanto libre coma gratuito: que un determinado elemento sexa gratuito non significa que sexa libre e que teñamos permiso para redistribuílo. Por iso, dado que hai moitos sitios que ofrecen cliparts sería conveniente ir seleccionando só aqueles nos que se especifica claramente que dispoñemos dos permisos axeitados para a súa utilización e distribución.

Outro detalle a ter en conta é que, dado que moitos dos sitios que nos provén de cliparts proceden de institucións educativas radicadas nos USA haberá que ter certo dominio do inglés para navegar entre as diferentes categorías e dirixirnos aos contidos que estamos a buscar.

Un exemplo poden ser os Cliparts del Centro de Tecnología Educativa de Florida
(<http://etc.usf.edu/clipart>)



Clipart ETC

*An online service of Florida's
Educational Technology Clearinghouse*

Outra opción interesante son as imaxes dispoñibles en Open Clipart Library
(<http://openclipart.org>) encóntranse en formato vectorial svg, o cal supón que as podemos
escalar segundo as nosas necesidades sen que perdan calidade.



Open Clip Art Library